

## VI PREMIO DE INVESTIGACIÓN SOBRE O CAMIÑO DE SANTIAGO E DAS PEREGRINACIÓNS - 2023

Co obxectivo de fomentar o coñecemento histórico e actual do Camiño de Santiago e das Peregrinacións, así como a promoción e difusión dos valores a eles asociados nas súas diferentes facianas, cumprindo deste xeito cos fins da Cátedra Institucional do Camiño de Santiago e das Peregrinacións da USC convoca o **VI Premio de Investigación sobre o Camiño de Santiago e as Peregrinacións** coas seguintes

### BASES DA CONVOCATORIA

#### 1.- DESTINATARIOS/AS

Poderán presentarse a estes premios todos/as os/as investigadores/as de nacionalidade española ou estranxeiros/as que teñan publicado durante **o ano 2022** un traballo en formato de libro de autoría individual e/ou colectiva, ou defendido unha tese de doutoramento, que tivera como tema de estudo o Camiño de Santiago ou as Peregrinacións baixo diversos aspectos (históricos, culturais, xeográficos, turísticos...).

É condición inescusable para seren aceptados a consideración polo xurado, que o traballo non teña obtido ningún premio anteriormente.

#### 2.- PREMIO

Outorgarase un único premio en metálico de **1.000 €(mil euros)**, e financiarase con cargo á partida orzamentaria da Cátedra Institucional do Camiño de Santiago e as Peregrinacións para o exercicio 2023, para libros publicados con ISBN e teses de doutoramento inéditas, que irá acompañado do correspondente diploma acreditativo.

No caso de que houbera máis de un traballo premiado, o importe do premio repartirase en partes iguais para cada un deles.

Poderán presentarse en calquera idioma, pero de vir noutro diferente ás linguas oficiais da USC, deberán estar acompañados dun resumen de máximo 5000 palabras en galego, castelán ou inglés.

No caso de que o xurado considere que ningún dos traballos presentados acada un nivel axeitado, poderase declarar o premio deserto.

### 3.- SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse a través do rexistro electrónico da USC e dirixiranse á Vicerreitoría de Transformación Dixital e Innovación.

(<https://sede.usc.es/sede/publica/persoais/registroEntrada/acceso.htm>)

indicando en asunto VI Premio de Investigación sobre o Camiño de Santiago e as Peregrinacións e acompañando a súa solicitude dos seguintes documentos:

- Copia do Documento Nacional de Identidade ou pasaporte (agás estudantes, profesores e investigadores da USC).
- Copia do traballo publicado ou da tese de doutoramento. No caso de que o tamaño supere a capacidade permitida, deberá indicar un enlace ao repositorio que permita a súa descarga.
- No caso de presentar unha tese, certificación académica coa cualificación da mesma (agás que fóra defendida na USC).
- Un resumo do traballo ou a tese de máximo 5000 palabras en galego, castelán ou inglés, no caso de que non estea redactada nun dos idiomas oficiais da USC.
- Declaración responsable indicando que o libro ou a tese non obtivo ningún premio anteriormente.
- Autorización á Cátedra do Camiño de Santiago e das Peregrinacións da USC para someter o traballo a programas antiplaxio.

As persoas que non sexan quen de usar o rexistro electrónico poderán presentar a solicitude e documentación de xeito presencial na oficina de asistencia en materia de rexistros do Campus de Santiago de Compostela (Colexio San Xerome, Praza do Obradoiro s/n, 15782, Santiago de Compostela), na oficina de asistencia en materia de rexistros do Campus de Lugo (Biblioteca Intercentros, 27002 Lugo), ou naqueles lugares establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Ao remate do prazo de presentación de solicitudes publicárase unha lista provisoria de solicitantes admitidos/as e excluídos/as.

Os/as aspirantes excluídos/as, disporán dun prazo de **cinco (5) días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta, para poder emendar os defectos que motivaron a exclusión.

No caso das teses de doutoramento premiadas, a dirección da Cátedra resérvase o dereito de publicación en formato libro, previa autorización do autor.

#### 4.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo de presentación abrirase ao día seguinte da publicación da presente convocatoria no taboleiro electrónico da USC e pecharase **aos dous meses** da publicación.

#### 5.- XURADO DE SELECCIÓN

O xurado do presente premio estará formado polo director da Cátedra, os dous co-directores da cátedra e, se se estima oportuno, por ate dous asesores designados polo director da Cátedra en función da lingua na que se presenten os textos.

- Criterios de valoración:
  - A orixinalidade do traballo (25%)
  - As novidades das súas achegas ao coñecemento dos temas estudados (25%)
  - A actualidade e calidade da súa metodoloxía (25%)
  - As calidades formais dos textos: calidade da redacción, xeito de presentar e estruturar a información e calidade do aparato gráfico, caso de existir (15%)
  - A bibliografía citada (10%)
- Fallo do xurado:

Ditarase resolución co fallo do xurado a través da correspondente resolución, e publicarase no taboleiro electrónico da USC.

A entrega do VI Premio de Investigación sobre o Camiño de Santiago e das Peregrinacións do ano 2023 farase polos responsables da Cátedra en acto público durante a celebración do *seminario Leccións Xacobeas Internacionais da USC* ou similar, organizado pola Cátedra.

O xurado poderá realizar unha análise automatizada de control da vulneración de dereitos da propiedade intelectual. A partir desa análise, se o xurado observa

que se vulneraron os citados dereitos desestimaré o traballo presentado sen prexuízo da responsabilidade en que se poda incurrir.

Todos os actos derivados da presente convocatoria publicaranse no taboleiro electrónico da USC así como polos medios que se estimen oportunos.

A participación no concurso implica necesariamente a aceptación do que se expón nestas bases.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa recepción, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da xurisdición contencioso administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, os/as interesados/as poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, na data de sinatura.

Gumersindo Feijoo Costa

Vicerreitor de Transformación Dixital e Innovación

(por delegación de competencias, RR. do 21 de abril de 2022 e publicación no DOG do 26 de abril de 2022)

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** GUMERSINDO FEIJOO COSTA, VICERREITOR DE TRANSFORMACION DIXITAL E INNOVACION, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 24/01/2023 09:21:13.

**CSV:** 767C-73A5-41D0-B3C5